

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28 DE FEBREIRO DE 2022

1. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00016201K.

Licenza obra maior

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 24/11/2021 para a reforma de local para uso vivenda na Rúa San Clemente 16, Santiago de Compostela (A Coruña).

Segundo.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

Terceiro.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico presentado o 19/04/2021 e o proxecto de execución presentado o 09/09/2021, cun orzamento de execución material de 68.281,01 €, a reforma de local para uso vivenda na Rúa San Clemente 16 Santiago de Compostela (A Coruña).

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00027096Z.

Licenza obra maior

Acórdase:

PRIMEIRO.- CONCEDER a FINANCIERA MADERERA, S.A. licenza de OBRA NOVA para construción de silo de biomasa e cuberta metálica no LUGAR DE FORMARÍS, 60-RC, segundo Proxecto básico e de execución co visado colexial de data 08/06/2021 e anexo de 22/09/2021, cun orzamento de execución material de 155.025,58 €, baixo a dirección facultativa do proxectista.

As obras consisten na construción dun silo de almacenamento exterior de biomasa e cuberta metálica de chapa simple no Parque de madeiras da fábrica de FINSA, cunha ocupación de 428,50 m² e altura de 13,50 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 10 de actividades do mesmo Plan.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00014737Y.

Licenza obra maior

Acórdase conceder á Comunidade de Propietarios Cruceiro da Coruña 16 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 05/03/2021 cun orzamento de execución material de 51.464,00 €, a execución dun ascensor no edificio de vivendas situado no Cruceiro da Coruña, 16 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00021317P.

Acceptar cesión de viario e licenza de parcelación

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 07/09/2021, outorgada ante Notario, co número de protocolo dous mil senta e catro..

Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 17/05/2021 e a documentación presentada o 14/10/2021 e o 05/01/2022, parcelación da Parcela situada no Lg da Peregrina s/n Santa María da Peregrina Santiago de Compostela (A Coruña) nas seguintes parcelas de resultado.

.- PARCELA RESULTADO R1. Superficie Neta 979,26m2s Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva (540,53m2s) e Solo Clasificado Rústico categoría de Protección e Cualificado Ordenanza 16 Solo Rústico de Protección Agropecuaria (438,73m2s)

.- PARCELA RESULTADO R2. Superficie Neta 593,32m2s Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva

.-CESIÓN 42,07m2s

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Faise constar que presente segregación informase a partir dos datos reais resultantes do levantamento topográfico (Superficie Bruta 1.614,25m2s) sen perxuízo das consecuencias rexistras que elo conleve para o interesado.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00034823J.

Rectificación acordo

Acórdase rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela do 11 de outubro de 2021, no sentido de aclarar e para facer constar que

onde di *“..PARCELA RESULTADO RESTO FINCA MATRIZ Superficie Neta 5.089m2s”* debe dicir

“ ..PARCELA DE RESULTADO RESTO FINCA MATRIZ Superficie Neta 5.086 m2..”

ratificando as restantes disposicións da resolución concedida.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00027692N.

Acceptar cesión de viario e licenza de parcelación

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 19/01/2022 outorgada ante Notario, co número de protocolo .cento doce. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado na data 17/06/2021 e a documentación presentada o 19/01/2022 a parcelación no Lugar Marantes, Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes parcelas de resultado:

PARCELA RESULTADO A. *Superficie Neta 989,07m2s. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural. Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.*

PARCELA RESULTADO B. *Superficie Neta 1.037,81m2s. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais (O14 1.876,91m2s); e nunha pequena parte Cualificado como Ordenanza 13. De núcleos rurais (O13 160,90m2s).*

Cesión *243,48m2s*

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Faise constar que presente segregación informase a partir dos datos reais resultantes do levantamento topográfico (Superficie Bruta 2.270,38m2s) sen perxuízo das consecuencias rexistras que elo conleve para o interesado.

7. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2020/00000713W.

Licenza de obras de reforma e ampliación de edificación para hostel na RÚA DA EIRA NOVA, 26

Acórdase CONCEDER a JOCANA INVERSIONES SL licenza de OBRAS de reforma e ampliación de edificación para destinala á actividade de hostel na RÚA DA EIRA NOVA, 26, segundo Proxecto básico e de execución, cun orzamento de execución material de 400.000 €.

As actuacións consistirán en OBRAS de reforma e ampliación de edificación de planta semisoto e dous plantas destinadas a hostel con cinco habitacións cunha superficie construída total de 549,34 m²; 290,13 m² de ocupación en planta e altura máxima de 7 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como de núcleo rural no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 13 , de núcleo rural do PXOM.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00059059F.

Aluguer dun local situado na Casa Parroquial de Barciela para uso sociocultural e asociativo da parroquia de Barciela, no lugar de Sigüeiro

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado Aluguer dun local situado na Casa Parroquial de Barciela para uso sociocultural e asociativo da parroquia de Barciela, no lugar de Sigüeiro, así coma autorizar a sinatura deste contrato privado con LA IGLESIA CATÓLICA ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, propietaria da devandita Casa Parroquial, polo prazo de UN ANO, que se contará desde o día da sinatura do contrato. Unha vez transcorrido o dito prazo, este contrato poderase prorrogar anualmente previo acordo de ambas partes.

O prezo da renda mensual é de 371,90 € IVE excluído. O IVE (21% da cantidade anterior) é de 78,10 € o que fai un importe total mensual de 450 €. Este importe será revisado anualmente, conforme as variacións que experimente o índice xeral de prezos ao consumo.

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 5.400 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 040 33403 2020000 CSC ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2022: 4.500 euros.

Anualidade 2023: 900 euros.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00058412G.

Devolución de fianza Subministro mediante renting de oito vehículos monovolume para a policía local do Concello de Santiago de Compostela.

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, AUTOS IGLESIAS SL, por importe de 17.184,00 euros para responder do contrato de “Subministro mediante renting de oitovehículos monovolume para a policía local do Concello de Santiago de Compostela” .

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00045813D.

Prórroga “Prestación do servizo de conservación, reparación e pequena reforma de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela.”

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato suscrito coa empresa *ESPINA Y DELFIN, S.L*, para a “Prestación do servizo de conservación, reparación e pequena reforma de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela.”, polo prazo de dous (2) anos a contar dende o 3 de marzo de 2022.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto necesario que se financiará con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e de conformidade co desglose por anualidades para o 2022 no que existe crédito adecuado e suficiente, e para o 2023 no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente, segundo se deriva dos documentos contables RC que se xuntan ao expediente.

.Departamento	Ano 2022	Ano 2023	TOTAL
Educación	400.000,00	400.000,00	800.000,00
Servizos xerais	90.000,01	90.000,01	180.000,02
Casa das asociacións	4.000,01	4.000,01	8.000,02
Centros socioculturais	44.800,00	44.800,00	89.600,00
Benestar social	24.000,00	24.000,00	48.000,00
Instalacións deportivas	68.000,00	68.000,00	136.000,00
Total			1.261.600,04

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00021884T.

Recepción das obras de expediente de rexeneración asfáltica en varios puntos da cidade de Santiago de Compostela Lote II (Rúa de Bermejo e outras 9 rúas) CON/21/2021.

Autorízase o inicio de trámites para a recepción das obras de expediente de rexeneración asfáltica en varios puntos da cidade de Santiago de Compostela Lote II (Rúa de Bermejo e outras 9 rúas) CON/21/2021.

Previamente ao acto de recepción e co fin de acreditar a idoneidade das obras para a súa recepción, o contratista e a dirección facultativa deberán achegar, en todo caso, a documentación que figura no informe da arquitecta supervisora municipal de 21/02/2022.

Nomear representante da administración á técnica municipal supervisora destas obras Ordenar que se comunique á Intervención Municipal o lugar, día e hora do acto de recepción.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024116R.

Autorizar o inicio de trámites para a recepción das obras de expediente de execución do proxecto de reforma dos aseos públicos existentes na rúa Trinidad e no Parque da Alameda (CON/75/2020).

Autorízase o inicio de trámites para a recepción das obras de expediente de execución do proxecto de reforma dos aseos públicos existentes na rúa Trinidad e no Parque da Alameda (CON/75/2020). Previamente ao acto de recepción e co fin de acreditar a idoneidade das obras para a súa recepción, o contratista e a dirección facultativa deberán achegar o certificado da finalización efectiva da obra e, en todo caso, a documentación que figura no informe da arquitecta supervisora municipal de 22/02/2022.

Nomear representante da administración á técnica municipal supervisora destas obras Ordenar que se comunique á Intervención Municipal o lugar, día e hora do acto de recepción.

13. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00007679F.

Transmisión da titularidade da caseta da praza de abastos número NA337 a favor de R.S.B., por xubilación de seu pai, titular legal da mesma.

Autorízase a transmisión da caseta da praza de abastos número NA337. A nova persoa adxudicataria ten a obriga de explotar a caseta conforme ás disposicións recollidas no Regulamento municipal da praza de abastos e a duración da concesión será por un máximo de 50 anos en total, contados dende a data na que foi concedida inicialmente.

14. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008246E.

Renovación Autorización Venda ambulante – ARTESANIA

Acórdase acceder ao solicitado por I.L.A. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de ARTESANIA da que é titular.

15. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008240Q.

Renovación Autorización Venda ambulante ARTESANÍA

Acórdase acceder ao solicitado por S.F.F. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de ARTESANIA da que é titular.

16. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008142X.

Renovación autorización venda ambulante – TEMPORADA (Recordos)

Acórdase acceder ao solicitado por I.L.A., e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de TEMPORADA (Recordos) da que é titular.

17. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008189B.

Renovación Autorización Venda ambulante 2022 – TEMPORADA (Recordos)

Acórdase acceder ao solicitado por M.L.R.R., e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de TEMPORADA (Recordos) da que é titular.

18. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008161Y.

Renovación Autorización Venda ambulante 2022 – TEMPORADA (Recordos)

Acórdase acceder ao solicitado por M.P.R.G. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de TEMPORADA (Recordos) da que é titular.

19. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008154E.

Renovación autorización Venta ambulante 2022 – TEMPORADA (Recordos)

Acórdase acceder ao solicitado por J.R.M.M. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de TEMPORADA - Recordos da que é titular.

20. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008263Q.

Renovación Autorización Venta ambulante 2022 – ARTESANÍA

Acórdase acceder ao solicitado por N.E.W.V. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de ARTESANÍA da que é titular.

21. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008262S.

Renovación Autorización Venda ambulante 2022 – ARTESANÍA

Acórdase acceder ao solicitado por A.S., e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de ARTESANÍA da que é titular.

22. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008259N.

Renovación Autorización Venta ambulante – ARTESANÍA

Acórdase acceder ao solicitado por J.R.M.M. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de ARTESANÍA da que é titular.

23. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008115Y.

Renovación Autorización Venda ambulante 2022: TEMPORADA (Recordos)

Acórdase acceder ao solicitado por L.C.F., e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de TEMPORADA – Recordos da que é titular.

24. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008197L.

Renovación Autorización Venda ambulante 2022 – TEMPORADA (Recordos)

Acórdase acceder ao solicitado por C.R.V.I. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de TEMPORADA - Recordos da que é titular.

25. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008196H.

Renovación Autorización Venda ambulante 2022 – TEMPORADA (Recordos)

Acórdase acceder ao solicitado por E.V.C. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de TEMPORADA – Recordos da que é titular.

26. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008236N.

Renovación Autorización Venda ambulante – ARTESANÍA

Acórdase acceder ao solicitado por J.D.R.C. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de ARTESANÍA da que é titular.

27. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008193S.

Renovación Autorización Venda ambulante – TEMPORADA (Recordos)

Acórdase acceder ao solicitado por A.S.I. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de TEMPORADA – Recordos da que é titular.

28. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008156R.

Renovación Autorización Venda Ambulante -TEMPORADA (Recordos)

Acórdase acceder ao solicitado por M.D.Q.B. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de TEMPORADA - Recordos da que é titular.

29. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008255P.

Renovación Autorización Venda ambulante – ARTESANÍA

Acórdase acceder ao solicitado por A.B.L.S. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de ARTESANÍA da que é titular.

30. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008243L.

Renovación Autorización Venda ambulante – ARTESANÍA

Acórdase acceder ao solicitado por D.M.F.L., e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de ARTESANÍA da que é titular.

31. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008194Q.

Renovación Autorización Venda ambulante 2022 -TEMPORADA (Recordos)

Acórdase acceder ao solicitado por A.V.R. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de TEMPORADA – Recordos da que é titular.

32. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008149V.

Renovación Autorización Venda Ambulante 2022 – TEMPORADA (Recordos)

Acórdase acceder ao solicitado por C.M.B. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de TEMPORADA – Recordos da que é titular.

33. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008231F.

Renovación Autorización de Venda ambulante 2022 - TEMPORADA (Xeados e castañas)

Acórdase acceder ao solicitado por M.P.A. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de TEMPORADA – Xeados e castañas da que é titular.

34. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008113G.

Renovación Autorización Venda ambulante Temporada (Recordos)

Acórdase acceder ao solicitado por D.C.G. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de TEMPORADA – Recordos da que é titular.

35. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00007214W.

Renovación Autorización Venda ambulante – Temporada (Recordos)

Acórdase acceder ao solicitado por J.M.B.B. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de TEMPORADA - Recordos da que é titular.

36. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008232P.

Renovación da Autorización de Venda Ambulante 2022 – Temporada (Xeados)

Acórdase acceder ao solicitado por J.J.V.L., e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de TEMPORADA – Xeados da que é titular.

37. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/6/2021.

Dar conta do proxecto de DESEÑO DE REDE ITINERARIOS SOSTIBLES PARA A REDUCIÓN DA PEGADA de CARBONO (XOB/6/2021)

Tómase coñecemento do proxecto “Deseño de rede itinerarios sostibles para a redución da pegada de carbono” (XOB/6/2021). Dentro das actuacións que está a levar ao Concello de Santiago de Compostela en materia de redución da pegada de carbono, a “Concellaría de Centros Socioculturais, Barrios e Obras” solicitou a elaboración dun documento técnico que defina, a partir do “Estudo base para a definición do estado actual do uso da bicicleta en Santiago de Compostela e da capacidade de acollida de desprazamentos ciclistas da rede viaria existente”, unha rede de itinerarios sostibles de carácter urbano para Santiago de Compostela, mediante a análise da trama viaria existente.

O deseño desta rede vai facilitar a implantación de espazos para as novas formas de mobilidade en futuros proxectos construtivos levados a cabo desde o Servizo de Proxectos e Obras cumprindo así coas esixencias europeas nesta materia.

Así mesmo e de maneira colateral, a rede permitirá recuperar espazo público en favor do peón e reducir o uso do vehículo motorizado dentro da cidade.

O obxecto do documento técnico do que se da coñecemento á Xunta de Goberno Local, é a definición dunha rede de itinerarios sostibles de carácter urbano para Santiago de Compostela orientados á redución da pegada de carbono, mediante a análise da trama viaria existente.

Cada cidade, ten unha serie de elementos facilitadores e condicionantes propios á hora de asumir o reto da inclusión da bicicleta na repartición modal, é fundamental identificar os exclusivos de cada unha delas antes de tomar determinacións aleatorias e non fundadas que a longo prazo poden supoñer a execución de infraestruturas infrautilizadas co consecuente gasto asociado non xustificado.

Cabe dicir que é imposible asegurar ao 100% o éxito dunha rede ciclista nunha cidade, xa que isto depende de múltiples factores que se escapan a aspectos meramente técnicos, pero o que si é posible é minimizar estes riscos á súa mínima expresión. Este documento será a base para o deseño da futura rede urbana e proporcionará unha información de alto valor para que este deseño adáptese o mellor posible á realidade existente e ás necesidades reais do municipio.

38. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2022/00006176E.

Aprobar as bases do PREMIO XOHANA TORRES DE ENSAIO, INVESTIGACIÓN E CREACIÓN AUDIOVISUAL SOBRE AS MULLERES NA SOCIEDADE GALEGA.

Año 2022, que establecen dúas modalidades de premio: ensaio ou creación audiovisual; así como a convocatoria e o compromiso de consignar crédito suficiente e adecuado nos orzamentos do exercicio de 2023.

Acórdase:

1. Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria do PREMIO XOHANA TORRES DE ENSAIO, INVESTIGACIÓN E CREACIÓN AUDIOVISUAL SOBRE AS MULLERES NA SOCIEDADE GALEGA. ANO 2022, contidas no Anexo I, e que establecen dúas modalidades de premio: ensaio ou creación audiovisual, cunha dotación 2.500 €, para cadansúa, suxeito ás retencións fiscais que legalmente lle sexan aplicación.

2. Aprobar a convocatoria PREMIO XOHANA TORRES DE ENSAIO, INVESTIGACIÓN E CREACIÓN AUDIOVISUAL SOBRE AS MULLERES NA SOCIEDADE GALEGA para o ano 2022, que se abrirá o vindeiro 8 de marzo de 2022.

O prazo de presentación dos traballos comeza por tanto o mesmo día 8 de marzo de 2022 e remata o 29 de decembro de 2022 ás 14,00 horas.

3. Por último, e para os efectos do disposto no artigo 56.1.b) do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobación do compromiso de consignar crédito suficiente e adecuado nos orzamentos do exercicio de 2023, dos importes establecidos para os premios nesta convocatoria

A concesión dos premios quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

39. COORDINACIÓN DE XESTIÓN DE AXUDAS E PROGRAMAS EUROPEOS.

Referencia: 2022/00004080L.

Proposta da Alcaldía relativa ás transferencias aos socios do proxecto europeo TROPA VERDE correspondentes á axuda FEDER do gasto certificado no 2º periodo de certificación da 2ª fase do proxecto (do 01/12/2019 ao 04/06/2021)

Acórdase:

1º. Tomar razón do ingreso recibido en concepto de axuda FEDER correspondente ao 70% do gasto certificado polo Concello de Santiago e dar conta á oficina de contabilidade municipal aos efectos do seu rexistro:

SOCIO	IMPORTE CERTIFICADO	% FEDER	AXUDA FEDER
Concello de Santiago de Compostela	141.857,41€	70%	99.300,19 €

2º. Aprobar a transferencia das seguintes cantidades aos socios do proxecto europeo TROPA VERDE relativas a axuda FEDER, calculado en función do seu gasto certificado neste 2º periodo de certificación da 2ª fase do proxecto:

SOCIO	IMPORTE CERTIFICADO	% FEDER	AXUDA FEDER
Pavlos Melas	54.917,58 €	85%	46.679,94 €
City of Budapest, District 14 Zuglo Municipality	26.623,14 €	70%	18.636,20 €
Stowarzyszenie Aglomeracja Opolska	24.004,03 €	85%	20.403,43 €
Métropole Nice Côte d'Azur	0,00 €	70%	0,00 €
Câmara Municipal de Guimarães	83.986,17 €	85%	71.388,25 €

40. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00008140P.

Dación de conta da sentenza recaída no PO 162/2018 CA1

Dase conta da sentenza nº 426/2021

Demandante: SETEX APARKI SA

Obxecto: liquidación do contrato de xestión do servizo de ORA, guindastre e depósito de vehículos.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, recorrible en apelación.

Con data do 04.05.2018 o Concello aprobou a liquidación do contrato, resolvendo:

1. A devolución a SETEX da cantidade de 336.945 euros en execución da Sentenza estimatoria do PO 132/2015, do 19.05.2016.

2. O aboamento ao Concello da cantidade de 630.679,93 euros en concepto de indemnización polos danos e prexuízos causados pola declaración de nulidade do contrato. Desta cantidade, 594.951,77 euros serían polo canon fixo, e 35.728,16 euros por outros conceptos. O total debía ser minorado pola cantidade adiantada por SETEX, de 121.957,11 euros.

3. Que os bens, equipos e instalacións adscritos ao servizo reverterían ao Concello.

4. E todo iso, sen prexuízo da cantidade a reclamar, no suposto de que o Concello tivese que indemnizar á entidade que impugnou a adxudicación do contrato.

A demandante impugna esta liquidación:

1. SETEX non é responsable da declaración de nulidade na adxudicación do contrato: ofreceu unha parcela para o depósito; e se o Concello non comprobou que dita parcela cumpría o prego técnico, a responsabilidade era exclusivamente do Concello.

2. Polo tanto, o Concello non pode esixir cantidade algunha en concepto de indemnización, é dicir o canon fixo fixado por 594.951,77 euros. Pola contra, o Concello debe devolverlle os 121.957,11 euros adiantados.

3. Con respecto aos bens, equipos e instalacións, a empresa fai referencia a unha nota achegada coa súa oferta, na que indicaba que o seu aporte era para a execución do contrato, de xeito que unha vez resolto, serían devoltos a empresa. Dada a imposibilidade de devolución dos mesmos, por amortización, en conclusións reclamaba o seu pago, que fixa en 899.919,11 euros (534.095,15 euros na demanda).

4. E reclama tamén polas taxas por retirada e depósito de vehículos, e depósitos xudiciais, non percibidas: $650.152,60 + 431.588 = 1.081.740,60$ euros. Ademais do que reciba o Concello polo reciclaxe destes vehículos.

A Sentenza do CA1 resolve o seguinte:

1. Con respecto á “responsabilidade” na declaración de nulidade do contrato, considera responsables á empresa, por ofrecer unha parcela que non cumpría o prego, e ao Concello, por non verificalo. Xa que logo, nin hai culpas nin deber de indemnizar por calquera das partes.

2. Polo tanto, na liña exposta finalmente polo Concello, a controversia debe resolverse nos termos das prestacións asumidas. E dado que a empresa recadou taxas –tivo ingresos-, debe facer fronte ás súas obrigas económicas, é dicir satisfacer o canon ao Concello.

3. Non obstante, e de forma subsidiaria, estima a demanda só no relativo ao cálculo do canon, rexeitando a cifra fixada polo Concello, e ordenando un novo cálculo segundo o resolto na sentenza firme do 19.05.2016. Cantidade resultante que deberá ser minorada nos 121.957,11 euros adiantados.

4. Con respecto á reversión, e a pesares da existencia de dous informes municipais (un da auditora e outro da Secretaría) que recoñecían a titularidade en favor da empresa, o Xulgado conclúe que foron ofrecidos como mellora gratuíta, polo que deben reverter en favor do Concello.

5. Por último, en canto ás taxas pendentes de cobro, o Xulgado considera que “a actora é responsable da súa propia desidia e non pode pretender que a Administración se faga cargo desa responsabilidade”, polo que rexeita ás pretensións con respecto as dos vehículos retirados, os depositados por orde xudicial e mesmo ao que puidera obterse polo reciclaxe.

En definitiva, aínda que o fallo é unha estimación parcial, todas as pretensións da demandante son rexeitadas polo Xulgado (exoneración do canon, restitución en metálico dos equipos, e entrega do non recadado); estimándose unicamente que o Concello debe volver a calcular o canon fixo, para unha vez descontado o adiantado, esixirlle á empresa que abone a diferenza.

Finalmente, con data do 24.02.2022 a xefatura de servizo de mobilidade emite informe para a execución da citada sentenza, na que fixa as seguintes cantidades: a. 472.994,66 euros en concepto de canon fixo (xa descontados os 121.957,11 euros adiantados por SETEX).

b. 35.728,16 euros por outros conceptos (non cuestionados na sentenza).

c. 234.618,31 euros en concepto de xuros.

Total: 743.340,97 euros.

É dicir, que SETEX debería ao Concello a cantidade de 743.340,97 euros.

Contra esta resolución cabía interpoñer recurso de apelación. Non obstante, o Concello non recorreu porque o único punto estimado (a fórmula do cálculo do canon) viña xa resolto pola sentenza do 2016, firme e consentida. Pola contra, todas as demais pretensións económicas da demandante foron rexeitadas. Por dilixencia de ordenación, do 10.02.2022, a Sentenza 426/2021 foi declarada firme.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para a súa execución.

41. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00008146Z.

Dación de conta da sentenza recaída no PA 442/2019 CA2

Dase conta da sentenza.

Obxecto: denegación legalización piscina e caseto en solo rústico.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

O Concello viña de denegar a legalización destas actuacións. Dende un punto de vista formal, por ausencia de autorización da Xunta de Galicia, xa que estaban situadas en solo rústico de protección de espazos naturais. E en canto ao fondo, por incumprimento do disposto nos artigos 35 e 39 da Lei do solo de Galicia, tanto no relativo ás obras como nos usos.

O Xulgado estima a demanda:

a. O artigo 36.2 da LSG esixe autorización ou informe favorable; e considera que o informe emitido pola Xunta, que se limita a dicir que a parcela non está situada nos espazos protexidos da Red Natura nin na Rede Galega de Espazos Protexidos, cumpre o requisito esixido.

b. Con respecto ao artigo 35 LSG, entende o xulgado que cando autoriza usos, implicitamente está autorizando as obras necesarias para tales usos; polo que ao autorizarse “actividades de baño de carácter privado, coas obras e instalacións imprescindibles”, está autorizando a construción da piscina.

c. En canto ao caseto, o xulgado rexeita o informe técnico municipal e alíñase co do perito privado, entendendo: que non pode considerarse vivenda ou de uso residencial; e que se trata dunha construción auxiliar para a actividade de baño e xardinería. Tamén considera que o caseto é acorde co esixido polo artigo 39 LSG.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

42. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00009427F.

Dación de conta da sentenza recaída no PA 386/2021 CA2

Dase conta da sentenza nº 46/2022 do Xulgado contencioso administrativo nº 2

Obxecto: Contra decreto que impón multa coercitiva de 1500 euros por incumprimento de orde de execución ante ruína inminente de edificación. Contía do recurso: 1.500 euros

A sentenza é parcialmente favorable aos intereses municipais. Nela acóllense os seguintes argumentos esgrimidos pola defensa do concello: falta de impugnación da orde de execución, transcurso de 5 máis de meses entre a orde de execución e a imposición de multa, que a precariedade económica alegada non enerva o deber da propiedade de conservación, que o apercibimento previo consta na orde de execución e motivación suficiente da resolución impugnada.

Non entanto respecto á falta de proporcionalidade alegada de contrario, en consideración a que se trata da primeira e que se retiraron as pedras que estaban no camiño, a sentenza estima que debe impoñerse no seu grao mínimo reducíndoa a 1.000 euros.

Non se fai expresa imposición de custas.

Contra dita sentenza non cabe impoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Departamento de disciplina urbanística para os efectos da súa execución.

43. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00009367Q.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 18 a 24 de febreiro de 2022.